

Reunión da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

Data: **Luns 16 decembro 2019**

Texto da Convocatoria:

- 1) Aprobación, se procede, da acta da reunión do 26 de novembro de 2019.
- 2) Informes
- 3) Aprobación, se procede, das peticións de méritos docentes (Quinquenios)
- 4) Aprobación, se procede, das peticións de solicitude de TFM para o curso 2018-19.
- 5) Turno aberto

Asistentes: M.C.B., S.F., M.C.M., F.O., M.C.P.

**Desculpan a súa
asistencia:**

Limiar.

O luns 16 de decembro ás 13:30 h na Sala SX3.1 da ETSE reúnese a Comisión Académica do Master Oficial en Enxeñaría Ambiental cos asistentes e orde do día que se indican no encabezado.

1. Aprobación, se procede, da acta da reunión do 26 de novembro de 2019

Apróbese a acta da Comisión Académica do día 26 de novembro de 2019.

2. Informes

- Informe de seguimento 2018-19: Accións de mellora na aplicación informática (peche da axenda 18-19 e apertura da axenda 19-20)
- Convocatoria da Xunta de Galicia: Premio Excelencia Mestrados

3. Aprobación, se procede, das peticións de méritos docentes (Quinquenios)

Segundo as directrices aprobadas na reunión do 16-12-08 a Comisión valora tanto as actividades docentes e de xestión e coordinación efectuadas durante o período concreto indicado polo solicitante, como as enquisas dos alumnos. O resultado da valoración da Comisión Académica poderá ser: “Moi favorable”, “Favorable”, “Desfavorable”. As avaliacións presentadas foron as seguintes:

- **XLOP**

Cursos 2018-19

Principais actividades realizadas e indicadas na memoria:

Docencia en Máster (Avaliación do Impacto Ambiental, materia obrigatoria de 3,5 ECTS).

Tutorización de TFM: 3

Tutorización de PE: 1

Realiza visitas técnicas (Mina de Touro)

O profesor apenas ten tido actividade académica no Máster xa que acaba de incorporarse. Temos unha única enquisa de satisfacción do alumnado que está algo alonxada da media da titulación pero en torno ao nivel de 3. Neste curso participou na titorización de TFMs e Prácticas Externas. En todo caso a actividade do profesor no MEnA é unha pequena parte da súa docencia, que está basicamente en outras titulacións.

Tendo isto en conta, a Comisión Académica resolve emitir un informe **Favorable**.

- **EPV**

Cursos 2014-15, 2015-16, 2016-17, 2017-18 e 2018-19

Principais actividades realizadas e indicadas na memoria:

Docencia en Máster (impartición compartida da materia “Instrumentación e Monitorización Ambiental”, materia obrigatoria do Módulo 3 de 3 ECTS). Imparte a materia en inglés.

Presenta actividades innovación docente, 2 Premios Leonardo á docencia (2015 e 2019), fixo 5 cursos PFID

Titora de PE

Realiza visitas técnicas

Tendo en conta a normativa e vendo que a profesora indica un elevado número de actividades que van máis alá do seu estrito encargo docente (dirección de TFM, xestión, etc.), así como que as enquisas do alumnado están en torno á media da titulación ($\pm 15\%$) ou no rango superior (a pesares de que en 2 anos non se lle certifica por baixa número de alumnos participantes):

A Comisión Académica resolve emitir un informe **Moi favorable**.

- **BPL**

Cursos 2014-15, 2015-16, 2016-17, 2017-18 e 2018-19

Principais actividades realizadas e indicadas na memoria:

Docencia en Máster (impartición compartida da materia “Laboratorio de Solos e Residuos”, materia optativa do Módulo 4 de 3,5 ECTS).

3 Premios Leonardo á docencia (2016, 17 e 18) e un Premio Leonardo á excelencia (2017)

Colaborou impartindo charlas na Aula Profesional (2016-17)

Titora de TFM: 3

Membro da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

A profesora indica un elevado número de actividades que van máis alá do seu estrito encargo docente (dirección de TFM, xestión, colaboración Aula Profesional, etc.), así como os Premios Leonardo á calidade docente. As enquisas do alumnado dispoñibles están por enriba da media da titulación (a pesares de que en 1 anos non se lle certifica por baixa número de alumnos participantes e no último curso a súa materia non aparece):

A Comisión Académica resolve emitir un informe **Moi favorable**.

- **ARA**

Cursos 2016-17, 2017-18 e 2018-19

Principais actividades realizadas e indicadas na memoria:

Docencia en Máster (impartición da materia “Planificación de Sistemas Naturais”, materia optativa do Módulo 6 de 3,5 ECTS).

Realiza 5 cursos PFID

Realiza visitas técnicas (2 cada ano)

Participación en diversos órganos de xestión da USC

O profesor indica un número significativo de actividades que van máis alá do seu estrito encargo docente (realización de 2 visitas técnicas cada ano, cursos de formación PFID, xestión na USC, etc.). As enquisas do alumnado dispoñibles están por enriba da media da titulación (a pesares de que non se lle certifican por baixa número de alumnos participantes):

A Comisión Académica resolve emitir un informe **Moi favorable**.

4. Aprobación, se procede, das peticións de solicitude de TFM's e cambios de título para o curso 2019-20

Non hai solicitudes.

As solicitudes aprobadas nas derradeiras semanas pola Comisión Académica de xeito virtual foron as seguintes:

<i>Estudiante</i>	<i>Data aprobación</i>	<i>Título</i>	<i>Titor</i>	<i>Cotitor</i>
Acuña Alonso, Carolina	06/12/2019	Evaluación de la calidad del agua y del impacto de los usos de la tierra en una cuenca hidrográfica	Sarah Fiol	Xana Álvarez (Uvigo)
Viruega Sevilla, David	04/12/2019	Towards the circularity of products: the case of a waste intermediate plant	Pastora Bello	

5. Turno aberto

Non hai intervencións.

Sen máis asuntos que tratar, dase por rematada a reunión ás 14:20 h.

En Santiago de Compostela, a 16 de decembro de 2019



Asdo. Francisco Omil
Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental

Anexo I

MÁSTER OFICIAL EN ENXEÑARÍA AMBIENTAL
LISTA TFM_s ASIGNADOS SEGUNDO PREVIO ACORDO CO PROFESORADO
Curso 2019 - 20

(Comisión Académica do 16 de decembro de 2019)

<i>Estudiante</i>	<i>Data aprobación</i>	<i>Título</i>	<i>Titor</i>	<i>Cotitor</i>
Acuña Alonso, Carolina	06/12/2019	Evaluación de la calidad del agua y del impacto de los usos de la tierra en una cuenca hidrográfica	Sarah Fiol	Xana Álvarez (Uvigo)
Viruega Sevilla, David	04/12/2019	Towards the circularity of products: the case of a waste intermediate plant	Pastora Bello	

En Santiago de Compostela, a 16 de decembro de 2019



Asdo. Francisco Omil
Coordinador do Máster en Enxeñaría Ambiental